CentroComercialAberto
CCA Melide
ASETEM
XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Comercio
ACTIVIDADE SUBVENCIONADA POLA
Deputación DA CORUÑA

Cerne

O xornal da Terra de Melide

Ano XVIII - Nº 209. Xullo 2023. Distribución gratuíta

EMPRESA
Publícase o novo convenio colectivo do sector do comercio na provincia P5

COMARCA
'Santisomaxia' é o proxecto do CEIP de Arceidago para o concurso 'Somos Rural' P17

CULTURA
Xosé de Cea presenta o seu novo libro, *Coímbra* P22

ENTREVISTA

Martín Ferreiro, Viñoteca Ribeirao P23

ASETEM pon en marcha a iniciativa 'Pretiño de ti' no comercio local

A campaña 'Pretiño de ti' do comercio local, organizada pola Asociación de Empresarios e Empresarias da Terra de Melide, pon o foco nos produtos e a colaboración en positivo entre as diferentes tendas participantes.

O sector comercial uniu forzas nesta iniciativa, en marcha dende o mércores 5 de xullo, para conseguir unha maior repercusión e visibilidade dos seus artigos cunha nova mecánica, intercambiar produtos entre as tendas de proximidade. P10

"En Sobratok mellora a túa saúde física e mental"

Vanessa Peteiro, responsable do Ximnasio Sobratok preséntanos na Entrevista de Benvida do Cerne as novas instalacións deportivas en Melide, un espazo para mellorar a saúde física e mental. P8

Rematou unha temporada ilusionante no club CIRE

O CIRE de Melide remata unha temporada ilusionante na que os Cadetes pelexaron polo ascenso á Liga Galega. Unha temporada na que "se nota como se está poñendo en valor o nome do CIRE". P21

ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS TERRA DE MELIDE

31 anos ao teu servizo, 150 socios que fan medrar a comarca

www.asetem.com - Tfno: 981 50 61 88 - info@asetem.com
Lino Sexto Sánchez, 9 Baixo - 15800 MELIDE (A Coruña)

Tribuna de opinión

Orgullo de sentir e amar libremente

Se existe algunha palabra coa que se poida definir a nosa sociedade, posiblemente, sexa: diversidade.

Vivimos nun mundo con diversas maneiras de ser, sentir e amar, sen que unha delas sexa mellor ou peor que outra. O colectivo LGTBI+ leva moitos anos loitando por poder amar, ser e sentir sen ser cuestionados, humillados ou discriminados, en definitiva pelexan por unha sociedade que abrace a diversidade e sexa respectuosa.

Debuxo de varias persoas que representan o orgullo LGTBI+. / Foto: iStock

Actualmente, seguimos convivindo con persoas que atacan a outras polo simple feito de ser lesbiana, gay, trans, bisexual, non binarias ou intersexual. Por desgraza, seguir a oír comentarios noxentos como: "pareces marimacho" ou "ese é marica" non nos axudan a avanzar. No ano 2021, o 20% da poboación sufriu un delito de odio por mor da súa orientación sexual. Unhas cifras intolerables para un país dos chamados "desenrolados" como é o caso de España.

A sociedade debe loitar porque nunca ninguén teña que esconder a súa maneira de ser, sentir e amar, o amor debe ser libre e non pode agocharse en ningún armario. A poboación, na súa totalidade, non pode permitir que se retiren bandeiras LGTBI+ dos edificios públicos, xa que son espazos de todas as persoas, incluído as que se senten representadas con esa bandeira.

Debemos educar ás nosas crianzas no respecto ás diferentes formas de ser, sentir e amar porque só así poderán decidir libremente o que queren ser e sentir.

En setembro de 2021 saía publicado nos medios de comunicación que España é un dos países do mundo con maior respecto polo colectivo LGBTI+, segundo a lista Rainbow (elaborada pola Asociación Internacional de Lesbianas, Gays, Bisexuais, Trans e Intersex de Europa). O índice sitúanos no posto número 7, unha posición da que debemos sentirnos orgullosas e con ganas de seguir avanzando para que ser, sentir e amar sexa un acto de liberdade.

Editorial

Evitar as tentacións

Xunta Directiva de ASETEM - CCA

Un cartel xenérico das rebaixas de verán dos comercios. / Foto: Asetem

Chega a temporada de rebaixas e as grandes marcas comezan cun bombardeo de promocións, descontos e anuncios de supostas gangas que realmente non o son tanto como parecen.

Con tantos estímulos, ás veces, é complexo evitar as tentacións de achegarnos ata un centro comercial ou ás tendas de marcas grandes para mercar case impulsivamente. Non obstante, a clientela debe ser crítica e racional e pensar onde lle compensa realmente mercar durante este período de rebaixas. O comercio de proximidade está sempre ao noso carón, os responsables soen ser veciños e veciñas da comarca, as tendas pequenas xeran emprego nos nosos municipios, ofrécennos un trato personalizado e de confianza, non temos que desprazarnos decenas de quilómetros e os artigos son de boa calidade.

Por todo isto, estas xornadas de rebaixas de verán evita as tentacións porque un pequeno xesto pode converterse nunha gran acción, cada decisión conta. Mercar no comercio local é o correcto.

Cerne

Edición dixital en www.asetem.com
Publicación mensual de distribución gratuíta
COORDINACIÓN E REDACCIÓN: Lorena Vidal
EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide
ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)
Telf. e Fax: 981 506 188 **E-mail:** info@asetem.com
COLABORACIÓNS: Latexo Logopedia, Ana Mato, Vanessa de Quinzán e CEIP de Arcediago
AGRADECEMENTOS: Pilar López e Imprenta Meligraf
IMPRESIÓN: Publicaciones Tameiga S.L.
DEPÓSITO LEGAL: OR / 57 / 84

ASOCIACIÓN DE MEDIOS EN GALEGO

Cerne non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores

ÍNDICE

- OPINIÓN.....2
- EMPRESA.....3
- COLABORACIÓNS.....9,11,20
- MELIDE.....12
- COMARCA.....17
- CULTURA E LECER.....20
- ENTREVISTA.....23

NOITE ABERTA DO COMERCIO LOCAL

Algúns dos premiados e premiadas na 'Noite Aberta do Comercio Local' recollendo os seus premios no Cantón de San Roque o pasado venres 16 de xuño. / Foto: ASETEM - CCA

NOITE ABERTA DO COMERCIO LOCAL

Algúns dos premiados e premiadas na 'Noite Aberta do Comercio Local' recollendo os seus premios no Cantón de San Roque o pasado venres 16 de xuño. / Foto: ASETEM - CCA

Publícase o novo convenio colectivo do sector comercial da provincia

Debuxo dunha clientela e unha dependenta nunha tenda. / Foto: istock

O novo convenio colectivo do sector comercial da provincia da Coruña vén de publicarse no BOP o pasado mércores 21 de xuño.

Este convenio é de aplicación para todas as empresas e persoas traballadoras da provincia coruñesa dedicadas ao comercio en calquera das súas modalidades (maior, menor, etc) de produtos de material eléctrico, electrónico e informático, téxtil, comercio de todo tipo de maquinaria, materiais de construción, pinturas, barnices, material de saneamento, decoración, vehículos, xoiería e mobles, entre outros.

Para o comercio téxtil acordouse unha xornada laboral de máximo 40 horas semanais de promedio en cómputo anual. Respectando o número de horas anuais de traballo do convenio, cada empresa poderá facer distribucións irregulares da xornada, respectando o número máximo diario de nove horas e o descanso semanal dominical dun día.

Dende o ano 2024 cada empresa debe garantir que as persoas traballadoras desfruten de descanso, polo menos, 6 sábados ao ano (excluíndo os que coincidan coas súas vacacións), agás os períodos de maiores vendas.

Con respecto ás vacacións, en todo o sector comercial os e as empregadas terán 30 días naturais de descanso, dos cales 15 deberanse desfrutar entre o 1 de xuño e o 30 de setembro. O calendario de vacacións ten que fixalo cada empresa e deberallo comunicar con dous meses de antelación o período de descanso ao traballador ou traballadora.

No tocante ao salario, débense ter en conta os seguintes conceptos: salario base, as pagas extraordinarias de marzo, xullo e Nadal, o premio de antigüidade consolidada, *plus* de permanencia na empresa e complementos persoais. Ademais, as horas extra abonaranse cun 75% de incremento sobre a hora ordinaria, segundo a normativa vixente. Poderán compensarse con horas de descanso na mesma proporción. A realización de horas extra será voluntaria para os empregados ou empregadas. Nos días de vendas especiais de decembro, xaneiro e xullo poderase prolongar a xornada laboral, retribuíndoo como horas extraordinarias.

Os datos do paro da comarca seguen á baixa e acadan as 373 persoas desempregadas

A fachada da Oficina de Emprego na localidade melidá. / Fotos de arquivo

Os datos do paro da comarca da Terra de Melide seguen á baixa e acadan as 373 persoas desempregadas en xuño, 10 menos que no mes anterior.

Para máis detalle, ao tratar os datos polo miúdo, atopamos en Melide o maior descenso de persoas no paro con 7 menos (total 266), en Santiso as cifras tamén son positivas e quedan con 4 desempregados menos (47 persoas), neste caso as excepcións son Sobrado, xa que os parados nin soben nin baixan (total 34) e Toques, onde contan cunha persoa desempregada máis (a cifra queda en 26).

No mes de xuño os máis beneficiados polas contratacións na comarca son os menores de 25 anos, un colectivo que a miúdo soe atopar problemas para introducirse no mercado laboral. Se nos fixamos nos sectores, a hostalería segue a contar co maior número de desempregados pero tamén é un dos eidos fortes de contratación desta temporada de verán.

Por outra banda, se observamos as cifras do paro noutras comarcas da contorna, no caso de Arzúa contan en xuño con 11 persoas desempregadas menos (sendo o concello do Pino onde máis empregos se crean, 7, e Boimorto onde menos, xa que os datos amosan 3 persoas desempregadas máis), na comarca da Ulloa conservan o mesmo número de parados que no mes de maio (sendo Monterroso a localidade onde máis baixa o paro, 3 persoas menos, e o concello de Antas de Ulla con 5 parados máis).

Un dos premios de 150 euros dos Días Azuis cae en Melide

Responsables de Comercio no sorteo dos Días Azuis. / Foto: D.X.Comercio

O pasado xoves, 29 de xuño, o director xeral de Comercio e outros responsables acudiron ao sorteo dos premios da campaña dos Días Azuis do comercio galego, organizada pola Federación Galega de Comercio en colaboración coa Xunta de Galicia e os diferentes Centros Comerciais Abertos (entre eles, ASETEM - CCA), no que unha das dez tarxetas prepago de 150 euros sorteadas caeu en Melide, máis concretamente na tenda Cousas Novas e na clienta Jacqueline Burnod Bermúdez.

A premiada desta iniciativa pode gastarse esta tarxeta prepago en calquera dos establecementos locais do municipio.

ASETEM apoia o traballo da Federación EFA Galicia no seu 50 aniversario

O Palacio de Congresos de Santiago durante o acto do 50 aniversario da EFA Galicia. / Foto: Rodrigo Fernández

A Asociación de Empresarios e Empresarias da Terra de Melide, a través do seu vicepresidente Rodrigo Fernández Pombo, apoia o traballo da Federación EFA Galicia asistindo ao acto do seu 50 aniversario.

O pasado 23 de xuño, Rodrigo Fernández asistía ao Palacio de Congresos de Santiago de Compostela para asistir ao evento dos 50 anos de traballo das distintas EFAs repartidas por toda Galicia, no caso de ASETEM o convite veu da man da EFA Piñeiral (Arzúa).

O vicepresidente da asociación empresarial da comarca fai fincapé na importancia de ter "unha relación directa posterior á realización das formacións profesionais que se imparten nestes centros, con empresas na zona que posteriormente se nutren deses profesionais, ou que polo contrario, eles e elas mesmas deciden emprender na nosa contorna". A maiores, nesta liña Fernández Pombo comenta que "unha entidade como ASETEM - CCA non pode estar desvinculada de institucións formativas como pode ser a EFA ou os centros de ensino público, dado que as empresas e comercios da comarca precisan, cada vez máis, persoal formado para as tarefas que, unha vez incorporados no mercado laboral, van desenvolver a diario para facelo do mellor xeito posible e estar continuamente actualizados.

A este acto tamén acudiron representantes de diferentes empresas e das Administracións públicas, o que reflexa o gran apoio co que contan institucións como as da EFA.

Esta xornada foi unha oportunidade, como non podía ser doutra maneira, para seguir aprendendo xa que a maiores de facer un balance destes 50 anos en funcionamento, neste evento da EFA tamén quixeron dedicar un oco a unha mesa redonda co título "Alumnado con impacto no seu territorio" e unha conferencia sobre o proxecto das EFAs presente e futuro. Na EFA Piñeiral de Arzúa ofrecen formación de: comercio e márketing, así como auxiliar de enfermería, entre outros.

A Xunta aumenta en 3.000€ a contía das axudas ás empresas para a contratación da mocidade

Un traballador como os que se poden beneficiar desta iniciativa destinada aos menores de 30 anos. / Foto: iStock

A Xunta de Galicia aumenta en 3.000 euros a contía das axudas ás empresas para a contratación de persoas menores de 30 anos, chegando así ata os 9.000 euros por cada contrato formalizado.

Con esta iniciativa "trátase de facilitar a contratación das mozas galegas, polo que os apoios van dirixidos a persoas empregadoras e empresas, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, incluídas as persoas autónomas, que contraten a menores de 30 anos por conta allea para traballar en centros laborais de Galicia", comentan dende a Consellería de Emprego.

O prazo de solicitude para optar a esta liña de axudas estará aberto ata o vindeiro luns 31 de xullo. No caso de novas contratacións, o período para realizalas será de 20 días hábiles a contar desde o día seguinte da notificación da concesión da axuda, e, sempre, antes do 30 de setembro.

Borboriño Xeados estrea nova tenda en Sobrado dos Monxes

Imaxe de promoción cos xeados de Borboriño. / Foto: Borboriño Xeados

O comercio Borboriño Xeados, socios da Asociación de Empresarios e Empresarias da Terra de Melide, estrea nova tenda en Sobrado dos Monxes, na rúa Fonte Palomo número 1.

Con esta apertura, Borboriño Xeados amplía os lugares nos que conta con representación da súa marca, neste novo establecemento na comarca, como non podía ser doutra maneira, haberá xeados artesanais de gran calidade e diversos sabores para que a veciñanza desfrute das altas temperaturas deste verán cos mellores produtos. En Melide pódense degustar estes xeados na Rúa San Pedro.

centro auditivo

solicita tu **REVISION GRATUITA**

REXCE AUDIOPRÓTESIS
E. 15-001241

REXCE ÓPTICA
E. 15-001238

ópticastábora

Rda da Coruña 20 **MELIDE**

“En Ximnasio Sobratok podes mellorar a túa saúde física e mental”

- Por que decidiches emprender en Melide?

- Vanessa Peteiro: Tiñamos este baixo en propiedade dende había un tempo e, dado que no municipio hai pouca oferta de instalacións deportivas, decidimos abrir un ximnasio. Pensamos que a veciñanza, xa non só de Melide, senón tamén da comarca necesitaba dun espazo no que poder poñerse en forma.

- Contabas con experiencia como empresaria antes de abrir o Ximnasio Sobratok?

- V.P: No meu caso non porque son mestra pero a miña parella si, xa que ten outras empresas. A el sempre lle gustar contar cun “plan b” noutro sector por se acaso algún falla.

- Como foi a acollida destas primeiras semanas por parte dos usuarios e usuarias?

- V.P: Moi boa, estamos moi contentos. Normalmente os primeiros meses da apertura dun negocio novo sempre soen ser duros porque a clientela aínda non te coñece pero neste caso quedamos moi sorprendidos porque dende o primeiro día comezou a chegar xente para matricularse, de feito ata chegaban persoas preguntando se aínda quedaba sitio. Polo tanto, só podo dicirche que a acollida está sendo moi boa.

- Como teñen que facer as persoas interesadas en anotarse no Ximnasio Sobratok?

- V.P: É moi fácil. As persoas non socias poden adestrar nas instalacións durante dúas horas por só 5 euros. O que mellor sae para as persoas que queiran adestrar de maneira habitual é facerse socios ou socias, así teñen que pagar 30 euros de matrícula e despois serían 34,50 euros ao mes de cota. Ademais, no caso das matrículas que se fan a partir do día 15 de cada mes só paga esa parte, non o completo.

Vanessa Peteiro nunha das salas do seu novo establecemento, Ximnasio Sobratok, en Melide. / Foto: Cerne

No momento de facer a matrícula só teñen que traer o DNI e moitas ganas de practicar deporte.

- Contades cun espazo moi amplo para practicar deporte.

- V.P: Si, nun primeiro momento parecíanos moi grande pero despois entre destinar unha parte para os vestiarios, outro espazo para impartir as clases colectiva e a boa acollida que estamos a ter, xa nos parece que está quedando pequeno o baixo. Polo que ao principio pode parecer grande pero cando vén a xente xa case queda pequeno.

- Que podemos atopar no Ximnasio?

- V.P: Nas nosas instalacións hai un pouquiño de todo. Por unha banda, temos clases de pilates e *fullbody* que se imparten a grupos moi reducidos, de só 6 persoas. Pola outra banda, os usuarios e usuarias poden atopar máquinas de todo tipo e de última xeración para facer cardio, tonificación, *spinning*, pesas... é dicir, un pouco de todo.

Achegarse a Ximnasio Sobratok pode facer que as persoas melloren a súa saúde física pero tamén mental, é moi necesario saber desconectar e a través do deporte pode ser unha boa opción. Todos estamos moi colapsados pensando no traballo e outras cousas persoais e acudir ao ximnasio pode ser unha maneira de mellorar a túa saúde física e mental.

- Como organizades as clases colectivas?

- V.P: Son clases para 6 persoas e moi personalizadas. Neste caso, os socios e socias teñen un 25% de desconto e tes a posibilidade de realizar un bono para 4 ou 8 clases. Damos moitas facilidades porque as persoas non socias tamén poden acudir a estas clases, iso si, pagando o prezo sen desconto, xa que os socios e socias deben ter un incentivo por selo.

- Dá a sensación que dende a chegada da pandemia do COVID - 19 a xente nos preocupamos máis polo noso aspecto físico, por que cres que sucedeu isto?

- V.P: Eu tamén o noto, as persoas estamos máis concienciadas coa necesidade de practicar deporte. Con esta situación, en Melide era moi necesario un ximnasio ben equipado para poder adestrar sen necesidade de desprazarse a outro municipio que é máis incómodo.

- Habería posibilidade de ter adestramentos personalizados?

- V.P: Contamos cun monitor que normalmente axuda un pouco aos usuarios e usuarias que o necesitan ou se lle comentas cal é o teu obxectivo (por exemplo: baixar de peso ou tonificar certas partes do corpo) poden prepararlles unha táboa de exercicios para que o consigan.

- Tedes usuarios e usuarias de todas as idades no ximnasio?

- V.P: Nós temos persoas anotadas de todas as idades pero si é certo que os que menos veñen son as persoas maiores e os que máis os mozos e mozas. Eu animo a todo o mundo a probar o ximnasio porque facer deporte é moi necesario a todas as idades.

De feito, aproveito para agradecer a todos os socios e socias o seu compromiso porque estamos encantados e tamén quero animar a toda a veciñanza para que probe o Ximnasio.

O espazo de parte das máquinas do Ximnasio Sobratok. / Foto: Cerne

Rúa Lino Sexto, 1-3, 15800, Melide / *Tlf: 636 615 838*

ESTE MES *LATEXO LOGOPEDIA* CÓNTACHE...”

Cristina Fernández Barros
Nº col. 15/0099

latexo
logopedia
Rúa Rosalía de Castro, 3 Melide

Teléfono:
642 007 210

A SÍNDROME DO X FRÁXIL

O 22 de xullo é o día mundial da síndrome do X-Fráxil. A síndrome X-Fráxil (SXF) é un trastorno xenético e hereditario relacionado co cromosoma X que representa a forma máis común de discapacidade intelectual hereditaria. As características máis frecuentes da síndrome son discapacidade intelectual (de leve a severa), dificultades na aprendizaxe, na atención, dificultades para a comunicación e a linguaxe, así como para a interacción social e condutual, entre outras.

As persoas afectadas por esta síndrome estímanse en 1 de cada 4.000 no caso dos homes e 1 de cada 6.000 en mulleres; ademais poden ser portadoras (é dicir, poden transmitir a síndrome aínda que non presenten síntomas) 1 de cada 238 mulleres e 1 de cada 800 homes. Ter esa alteración presente nos xenes pode significar que a gravidade da enfermidade aumente a medida que avanzan as xeracións. Por esta razón, ante un diagnóstico deste tipo, estúdase o xenoma de ambos proxenitores para poder asesorar á familia nese sentido.

A pesar da alta prevalencia da síndrome, e de ser a primeira causa hereditaria de discapacidade intelectual e a segunda causa xenética, só por detrás da síndrome de Down, o X- Fráxil segue a considerarse unha enfermidade rara debido á escasa ratio de diagnóstico: calcúlase que o 80% das persoas con SXF están sen diagnosticar. A causa desa falta de diagnóstico é a dificultade para identificalo posto que non ten unhas características físicas marcadas. Ademais, en casos leves poden non aparecer síntomas.

En xeral, as características clínicas da síndrome X-Fráxil son variables dun paciente a outro. Pode presentar déficit cognitivo de leve a moderado, nalgúns casos con trastornos do espectro autista e na maioría dos casos con problemas socio-emocionais de distinta severidade. Coma en tantas outras patoloxías, a recomendación sobre a intervención é que se faga de forma temperá, como unha maneira de reducir os trastornos de conducta, mellorar as habilidades sociais e de aprendizaxe.

Pode que unha persoa que acuda a consulta de logopedia cun neno ou nena con alteracións compatibles con X-Fráxil, veña alertada polas dificultades que presenta en si mesmas, non pola sospeita dunha alteración xenética.

O traballo da logopeda pasará por recoñecer as áreas afectadas e as dificultades da persoa para intervir. Polo tanto, a “etiqueta” non condicionará o traballo no sentido de que non se poida levar a cabo, senón que será un recordatorio e unha axuda para o asesoramento ás familias e sobre o prognóstico e a evolución do trastorno.

Posto que a síndrome non ten cura nin un tratamento farmacolóxico que elimine ou reduza a sintomatoloxía, a estimulación e o traballo multidisciplinar (como noutras moitas patoloxías) será primordial para a evolución positiva. Aínda que os avances non sexan os desexados e poidan ser menores do esperado con respecto ao esforzo de familia, paciente e profesionais, o ideal será a coordinación entre profesionais para sacar o mellor da persoa afectada. O traballo en equipo sempre dará mellores froitos que de forma individual.

A campaña ‘Pretiño de ti’ do comercio de proximidade pon o foco nos produtos e a colaboración entre tendas

Varios dos comercios participantes na campaña ‘Pretiño de ti’, onde se expuxeron produtos ou artigos doutro establecementos de proximidade para darlles unha maior visibilidade. / Foto: ASETEM - CCA

A campaña ‘Pretiño de ti’ do comercio de proximidade, organizada pola Asociación de Empresarios e Empresarias da Terra de Melide, pon o foco nos produtos e a colaboración en positivo entre as diferentes tendas participantes.

O sector comercial uniu forzas nesta iniciativa, en marcha dende o mércores 5 de xullo, para conseguir unha maior repercusión e visibilidade dos seus artigos, cunha mecánica nova que consiste en expoñer nun lugar visible do seu espazo os produtos ou artigos doutros establecementos de proximidade do municipio para chamar a atención da clientela e amosar as diferentes posibilidades que ten o comercio local de Melide.

Con esta campaña os establecementos asociados colaboran uns con outros para conseguir obxectivos positivos que beneficien a ambas partes. Durante estas xornadas de ‘Pretiño de ti’ a clientela pode comprobar todas as posibilidades que teñen pretiño de deles sen necesidade de mercar nas grandes superficies, senón nas tendas e empresas dos seus veciños e veciñas. Nestes días a clientela amosa o seu interese por descubrir a procedencia destes produtos expostos e serve tamén para que os visitantes e turistas poidan descubrir outros comercios nos que poder mercar determinados artigos.

Mercar en Melide sempre é un acerto porque a clientela ten os mellores produtos, a confianza, o bo trato, sostible e de calidade pretiño de ti.

SABER DE LEI

Ana Mato Salgado
Avogada
Tlfn.: 671 833 425
Rúa Xesús Carro, Nº15-2º
(Melide)

Ventre de aluguer ou xestación subrogada. Do papel *couché* á lei!

Nos últimos meses o termo "ventre de alquiler", "xestación subrogada" ou "Ana Obregón" todo foron un. Qué é? Pois é un proceso mediante o cal unha muller, chamada "xestante " ou "nai substituta" leva un embarazo e da a luz a un bebé en nome de outra persoa ou parella, os que serán os pais intencionais o comitentes do neno ou nena. Hai dous tipos: xestación subrogada tradicional: neste caso, a nai substituta é tamén a nai biolóxica do bebé, xa que se utiliza o seu óvulo para a fecundación. O óvulo fecundado pode ser resultado dunha relación sexual ou de unha inseminación artificial utilizando o esperma do pai intencional ou de un donante. Xestación subrogada xestacional: a nai substituta non ten vínculo xenético co bebé, xa que se utiliza un óvulo da nai intencional ou de unha donante, e é fecundado con esperma do pai intencional ou dun donante. En España a xestación subrogada non é legal. A Lei 14/2006 do 26 de maio, sobre Técnicas de Reprodución Humana Asistida, regula os tratamentos de reprodución asistida no país, pero non permite a maternidade subrogada. Ademais da súa ilegalidade, a reforma da lei do aborto aprobada o febreiro pasado cualifica a xestación subrogada como unha forma de violencia contra a muller. Sen embargo, non establece obstáculos adicionais para rexistrar aos nenos concibidos no estranxeiro. Todos coñecemos casos de famosos que acudiron a este tipo de técnica, a máis soada Ana Obregón, que foi nai por xestación subrogada en Estados Unidos, onde si é legal, e posteriormente inscribiuna no noso país. É nai por lei e avoa bioloxicamente falando, xa que o seu fillo falecido por culpa dun cancro no 2020 deixou esperma conxelado e parece que a última vontade de que fose así. Isto e a idade de Ana Obregón ocasionou un tema a debater na sociedade española, tanto que ata a ministra de igualdade, Irene Montero se pronunciou dicindo: "La gestación subrogada es violencia contra las mujeres". Pero somos quen de xulgar a alguén cando está amparada pola lei? En España si se realiza a preservación do esperma para usalo en algúns casos de reprodución asistida. A criopreservación de semen realizase en caso de pacientes oncolóxicos antes de iniciar o tratamento, debido a que os efectos secundarios afectan notablemente a fertilidade. En caso de transexuais que vaian cambiar de sexo, persoas que vaian someterse a unha vasectomía, doantes de semen.... En Canadá, Estados Unidos, Rusia, Ucrania, Georgia, Reino Unido, Australia,Sudáfrica e Tailandia son países nos que si é legal a xestación subrogada. O caso de Ana Obregón non foi o único entre famosos no noso país, a baronesa Thyssen que foi nai en 2007 de xemelgas por esta técnica cando tiña 64 anos, Miguel Bosé, Kiko Hernández, Tamara Gorro xunto ao futbolista Ezequiel Garay, Miguel Poveda, Javier Cámara ... e entre famosos internacionais Sharone Stone, Sarah Jessica Parker, Kim Kardashian e Kanye West, Elton John e David Furnish, Ricky Martin... En España dende 2011 ata 2021 inscribíronse 2.500 bebés nacidos a través desta técnica. Pero poden inscribilo no rexistro aquí igualmente? Un dos obstáculos aos que se enfrontan os que realizan a xestación subrogada en países onde si é legal demostrar a filiación ao volver a España, onde non o é. Pero resulta bastante fácil mediante sentencia xudicial grazas a unha instrución aprobada en 2010 pola dirección general de rexistros e notariado. E Estados Unidos e Canadá expiden estas sentencias, que soen ser recoñecidas posteriormente polas autoridades españolas para a inscrición do recén nacido. Canto pode custar? Vai oscilar entre países e dependerá de moitos factores. EEUU parece ser o máis recorrido, o prezo oscila entre 120.000 e 150.000 euros. As facilidades legais e a posibilidade de poder ser levada a cabo tanto por persoas casadas, solteiras e homosexuais fai que sexa máis atractivo este destino. En Grecia dende 2004 tamén é posible , e está competindo con EEUU a hora de dar facilidades en canto a inscrición. Pero ten certas normas para levarse a cabo; é necesario acreditar a imposibilidade de xestar, ou ben certificar que existe un grave risco para a saúde da nai comitente que desaconsella a xestación. Así mesmo, a nai comitente non debe ter máis de 50 anos. Está prohibida para parellas homosexuais e homes solteiros. E a nai xestante faino de forma altruísta, é dicir, non percibe cantidade algunha por iso, tan só se lle cobren os gastos médicos e ten dereito a unha indemnización polos meses non traballados con motivo do embarazo e posterior parto e polas molestias. E o prezo está entorno aos 78.000 euros. É en Asia onde é máis barato someterse a esta técnica pero si ten máis complicación no momento do rexistro no noso país. En España púxose sobre a mesa a necesidade de lexislar sobre o tema, xa que non son poucos os casos que se dan no noso país, e máis nos últimos anos. Dende o ano 2021 inscribíronse no noso país 2.350 nacidos por este método. Para pode inscribir no Rexistro Civil español o nacemento e filiación de un menor nacido nun país estranxeiro mediante xestación por substitución se se cumplen as seguintes condicións; - Xunto coa solicitude de inscrición de nacemento do menor débese aportar unha resolución xudicial ditada por un Tribunal competente na que se determine a filiación do nacido. - E debense cumprir, os requisitos estabelecidos na Instrución de 5 de outubro de 2010, da Dieección Xeral dos Rexistros e Notariado sobre réxime rexistral da filiación dos nacidos mediante xestación por substitución para as resolucións xudiciais estranxeiras. Parece ser que a prensa rosa volve poñer no foco da atención mediática cambios na lexislación, como ocorreu no ano 2012 co caso da concelleira de Los Yébenes; Olvido Hormigos, despois de ser difundido un vídeo seu íntimo que obrigou a que se modificase o Código Penal para este tipo de delitos. Tamén a propia Ana Obregón no seu día, xunto a outras famosas conseguiu que se dese a Lei Orgánica de protección xurídica do menor 1/1996 do 15 de xaneiro, e que así se garantizase que a imaxen dos menores non poidera saír sen pixelar na prensa ou en calquera medio de comunicación sen previa autorización paterna, o seu fillo, neno naquel intre, foi o primeiro neno pixelado nun medio de comunicación. Agora, máis de dúas décadas despois, a filla biolóxica dese neno, e filla por lei de Obregón, volve poñer enriba da mesa debate, e a necesidade de lexislar sobre os ventres de aluguer. Un tema que sen dúbida dará que falar despois do verán e coa nova formación de goberno. Do papel *couché* á lei!

O Sindicato Labrego Galego denuncia propostas de baixada de prezos do leite ás granxas galegas

Imaxe de varias vacas, todas elas produtoras de leite, pacendo nun prado. / Foto de arquivo

O Sindicato Labrego Galego denuncia que nestes días están chegando ás granxas galegas propostas de prezo con baixadas importantes respecto ao que se está a cobrar nestes momentos. Dende a entidade comentan: "unha vez máis, a estratexia da industria é engordar os seus beneficios a costa de estrangular o elo máis desprotexido da cadea: as granxas, ao tempo que os produtos lácteos seguen a manter os seus prezos de venda". O SLG fala de "baixada orquestrada" dos prezos por parte das empresas, xa que "todas as industrias que recollen leite en Galiza están entregando ás gandeiras e aos gandeiros contratos á baixa".

A baixada dos prezos é, de media, duns 3 céntimos menos. No caso de fixarse máis polo miúdo, no Sindicato reparan en que "no caso de Reny Picot xa non hai ofertas, pasa directamente a asinar contratos con prezos de 44 céntimos para os próximos dous meses. A Nestlé está ofrecendo contratos a un ano con prezos a baixa, e a primavera do 2024 chega a 38 céntimos (media anual en 41,42 céntimos). Lactalis oferta o 75% do leite a un prezo de 47 céntimos e o 25% restante en función do prezo medio do leite enteiro en pó. Celta presenta ofertas a 45 céntimos, e Lence ofrece contrato a un ano a 42,7 céntimos".

Con estas cifras á baixa e o mantemento dos custos de produción altos, especialmente dende o comezo da Guerra en Ucraína, sumado á seca que sofren algunhas zonas non deixan de aumentar a preocupación pola rendabilidade no sector. O SLG, fai fincapé nun contexto "discriminatorio con respecto ás granxas galegas", xa que "malia que Galiza segue a ser o principal produtor de leite a nivel estatal, e ao descenso de produción que está a marcar este último ano, no noso país as industrias pagan o litro de leite a 53,33ct/l., moi lonxe dos 56ct/l. que perciben as granxas do resto do Estado ".

O Sindicato reivindica garantir a viabilidade das graxas e o futuro do sector, polo que os prezos non só teñen que cubrir os custos senón remunerar o traballo das gandeiras.

A iniciativa 'Mercar no teu comercio ten premio' regresa a Melide en novembro

Un dos premiados da pasada edición xunto co vicepresidente de ASETEM - CCA o día do sorteo. / Foto: Cerne

A iniciativa 'Mercar no teu comercio ten premio' da Federación Galega de Comercio, en colaboración coa Dirección Xeral de Comercio e os Centros Comerciais Abertos regresa a Melide no mes de novembro.

Esta campaña consistirá na realización de diferentes accións promocionais, publicitarias e de incentivación do consumo, así como a revitalización dos establecementos de proximidade, coa finalidade de incrementar as vendas nesta parte do sector comercial.

O funcionamento desta nova edición de 'Mercar no teu comercio ten premio' é o mesmo que na primeira ocasión: durante os días que dure a iniciativa a clientela que merque nos comercios locais do municipio poderán participar nun sorteo presencial que se realizará para pechar a campaña, no que se repartirán vales de compra por valor total de 1.000 euros.

Os próximos luns e martes é a recollida de plásticos agrícolas

Plásticos agrícolas como os que son obxecto de recollida. / Foto de arquivo

Os próximos luns 17 e martes 18, o Concello de Melide, organiza a recollida de plásticos agrícola de silos e invernadoiros para que os gandeiros e gandeiras poidan desfacerse dos plásticos sobrantes ou usados nas súas explotacións.

A recollida nas parroquias será o mércores, 19 de xullo, pero os usuarios e usuarias deben depositar os plásticos nos dous días previos. Estes residuos deben depositarse nas zonas indicadas polo Concello, os mesmos que noutras ocasións, e prohíbese depositar os plásticos noutras zonas ou noutros días fóra das datas indicadas.

Últimos días para solicitar o servizo educativo de 'Madrugadores' para o vindeiro curso escolar

Parte do cartel informativo sobre o servizo educativo complementario 'Madrugadores'. / Foto: Concello de Melide

Últimos días para solicitar o servizo educativo de 'Madrugadores' para o vindeiro curso escolar en Melide.

O Concello pon de praza ata o sábado 15 de xullo para presentar as solicitudes para o servizo de conciliación que se realiza dende as 7:30 horas da mañá ata o comezo da xornada lectiva nos centros educativos de primaria da vila. No CEIP Nº1 e no CEIP Mestre Pastor Barral ofértase o servizo con almorzo, no caso do CEIP Martagona os madrugadores non inclúen a opción de almorzo.

Os prezos dependen da modalidade de servizo a contratar, no caso de ser madrugadores con almorzo serían 40 euros ao mes por persoa ou 4 euros por días esporádicos. Na opción sen almorzo o prezo será de 30 euros ao mes por cada usuario ou usuaria e 3 euros para días esporádicos.

As solicitudes poden presentarse no Rexistro do Concello de Melide.

Centos de crianzas participan nos campamentos de verán

Varios nenos e nenas do campamento na piscina. / Foto: Concello de Santiso

Centos de crianzas participan nos campamentos de verán da comarca da Terra de Melide a prol da conciliación nestes meses sen actividade nos centros educativos.

Os Concellos de Toques, Sobrado, Santiso e Melide comezaron as súas actividades para a poboación infantil e xuvenil en diferentes espazos públicos cunha gran participación en todas elas. Durante estas semanas de verán e cunha ampla e diversa programación, as crianzas da comarca poderán divertirse e aprender, así como coñecer e relacionarse con outros nenos e nenas.

Aberto o prazo para contratar a brigada contra incendios forestais

Varios bombeiros forestais traballando nun incendio. / Foto de arquivo

O Concello de Melide abre o prazo ata o vindeiro venres, 14 de xullo, para presentar as instancias da contratación da brigada contra incendios forestais a través do rexistro municipal ou da sede electrónica.

Nesta convocatoria contrátanse de maneira temporal: tres condutores de motobomba e dúas brigadas contra incendios composta cada unha por un xefe de brigada, un condutor e tres peóns.

O alumnado da Escola Ayude non deixa de recoller diversos éxitos deportivos nos campionatos

Aron Ayude no podio da 23ª World Cup de Kickboxing. / Fotos: Escola Ayude

O alumnado da Escola Ayude non deixa de recoller diversos éxitos deportivos para rematar a temporada.

Por unha banda, no campionato de España de kickboxing en categorías infantís, celebrado en Guadalaxara, o alumnado da Escola Ayude comandado por Cora Ayude deixaron o pavillón ben alto acadando os seguintes postos: Izan Fernández 3º, Kevin Pici 5º e Eladio Silva 5ª en kicklight; na modalidade de lightcontact, Naia Mato 5ª, Kevin Pici 3º e Nora Sega-de proclamouse campioa de España.

Pola outra banda, Budapest acolleu a 23ª World Cup de Kickboxing, onde se citaron os 3.000 mellores deportistas de todo o mundo. Aron, representando a Escola Ayude conseguiu a medalla de prata, perdendo só ante o campión do mundo, en kicklight. Ademais, na modalidade de lightcontact caeu nunha semifinal moi dura ante o deportista polaco que despois conseguiría converterse en campión, finalmente Aron acadou a medalla de bronce, un grande resultado para o de Santiso.

O alumnado do CEIP Martagona é galardoado co distintivo de calidade 'Selo Vida Saudable'

A fachada do CEIP Martagona de Melide, espazo educativo do alumnado gañador deste premio. / Foto de arquivo

O alumnado do CEIP Martagona é galardoado polo Ministerio de Educación co distintivo de calidade de centros docentes 'Selo Vida Saudable'.

Este premio, outorgado a nivel nacional, é un recoñecemento público aos centros que fomentan a aprendizaxe da saúde no ámbito educativo, así como a dinamización de prácticas de vida saudable e unha educación física que permita o adecuado desenvolvemento persoal e social ao largo da escolarización do alumnado.

Dende o CEIP Martagona, "gustaríanos que o alumnado fose coñecedor de que o seu esforzo foi compensado, agradecendo a participación de toda a comunidade educativa neste proxecto".

Ademais, a validez da concesión deste distintivo esténdese con carácter indefinido sempre que os centros manteñan as súas condicións e requisitos.

'Cultura no Camiño' chega en agosto á vila con dúas actuacións infantís

Os membros de Su.Ma que chegarán a Melide en agosto. / Foto: Cultura Activa

'Cultura no Camiño', é un programa de dinamización cultural promovido pola Xunta de Galicia e cofinanciado cos Concellos, chega a Melide os vindeiros 16 e 17 de agosto.

Esta iniciativa conta con diversas actuacións de danza, música, maxia, circo e teatro arredor de 88 localidades polas que pasa o Camiño de Santiago como é o caso de Melide, Arzúa ou Palas de Rei.

No municipio melidá o día 16 de agosto Su.Ma realizará unha actuación circense nomeada 'Glamping' e o 17 chega o Mago Teto con Rock and Magic na Praza do Convento.

Melide organiza un intenso Verán Cultural con máis dunha ducia de eventos

Sofia Espiñeira, unha das cantantes que vai participar no Verán Cultural do municipio melidá. / Foto: Sofia Espiñeira

O departamento de Cultura do Concello de Melide organiza un ano máis unha ampla programación de Verán Cultural. As actividades comprenden concertos, funcións teatrais ou espectáculos infantís. Estenderanse dende esta mesma fin de semana a mediados do vindeiro mes de agosto.

Onte inaugurarase a mostra fotográfica "25 anos mirando ao ceo", do Club de Astronomía Vega. Comprende unha colección de astrofotografías tomadas polos socios do club cos seus telescopios e cámaras. Estará na Casa do Concello ata o 30 de xullo.

O sábado 15 , a Banda de Música de Vilatuxe ofrecerá un concerto ás 22h na Praza do Convento. O veterano conxunto foi fundado en 1942 e ten recibido varios premios ao longo da súa traxectoria. O seu repertorio é moi variado, unindo música tradicional e actual.

Ao día seguinte, o domingo 16, a Banda de Música de Silleda ofrecerá dous concertos. Serán ambos na praza do Convento, ás 14h e ás 21h.

Nunha nova edición dos Domingos Infantís, o sábado 23 ofrecerá o seu espectáculo a maga Lore Lavand. Trátase dunha artista arxentina que mestura maxia, humor e teatro, achegando a través do ilusionismo experiencias inesquecibles ao público. A representación será ás 12h no Cantón de San Roque.

O mesmo domingo terá lugar a actuación de Carta de Ajuste dentro do Vermú no Camiño. Será ás 13h na zona vella. Carta de Ajuste é un grupo con 13 anos de traxectoria, que versionan en acústico grandes temas dos 80 e 90.

O 29 de xullo, Sofía Espiñeira actuará ás 22h na praza do Convento dentro do programa das Noites Musicais. Esta mugardesa cobra forza no ámbito da música galega. Foi premiada co Martín Codax na categoría de Canción de Autora.

O día 30, os Domingos Infantís incluirá o espectáculo de monicreques de Babaluva Teatro "A Feira das Sementes". Un espectáculo onde se trocan as sementes por contos, refráns e cancións. A sesión de Vermú no Camiño correrá a cargo de El Borrón del Escribano.

VERÁN CULTURAL

MELIDE 2023



XULLO

DOMINGO, 9 DE XULLO

DOMINGOS INFANTÍS

RAPAZADA DOS 90

Espectáculo de música infantil
ás 12:00 h no cantón de San Roque

O FURANCHO

Obra de teatro para adultos
ás 20:30 no centro sociocultural Mingos de Pita

DO 10 AO 30 DE XULLO

MOSTRA FOTOGRÁFICA

25 ANOS MIRANDO AO CEO

do Club de Astronomía Vega,
entrada da casa do concello.

SÁBADO, 15 XULLO

Banda de Música de VILATUXE

ás 22:00 h na praza do Convento

DOMINGO, 16 XULLO

Banda de Música de SILLEDA

ás 14:00 h e ás 21:00 h na praza do Convento

DOMINGO, 23 XULLO

DOMINGOS INFANTÍS

Maxia con LORE LAVAND

espectáculo de maxia
ás 12:00 h no cantón de San Roque

VERMÚ NO CAMIÑO

CARTA DE AJUSTE

ás 13:00 h zona vella de Melide

SÁBADO, 29 XULLO

NOITES MUSICAIS

SOFÍA ESPIÑEIRA

ás 22:00 h, na praza do Convento

DOMINGO, 30 XULLO

DOMINGOS INFANTÍS

A FEIRA DAS SEMENTES

Espectáculo de monicreques
ás 12:00 h no cantón de San Roque

VERMÚ NO CAMIÑO

EL BORRÓN DEL ESCRIBANO

ás 13:00 h zona vella de Melide

AGOSTO

SÁBADO, 5 AGOSTO

NOITES MUSICAIS

UKESTRA DO MEDIO

ás 22:00 h na praza do Convento

DOMINGO, 6 AGOSTO

DOMINGOS INFANTÍS

A VIDA TOLA DE PAJARITO

Espectáculo de novo circo
ás 12:00 h no cantón de San Roque

VERMÚ NO CAMIÑO

DANI ROYO

ás 13:00 h zona vella de Melide

SÁBADO, 12 DE AGOSTO

NOITES MUSICAIS

CATUXA SALOM

ás 22:00 h na praza do Convento

DOMINGO, 13 AGOSTO

DOMINGOS INFANTÍS

OH-PERA (Circo Chosco)

Espectáculo de circo
ás 12:00 h no cantón de San Roque

VERMÚ NO CAMIÑO

ANDREA & THE BLACK CATS

ás 13:00 h zona vella de Melide





Concello de Melide

Deputación DA CORUÑA

MERCERÍA
ISABEL

Rúa Camiño de Ovedo, 3 · Melide
Teléfono: 981 50 52 56

MM
TU TIENDA DE INFORMÁTICA

MELIMATICASL
TU TIENDA DE INFORMÁTICA

Rua Otero Pedrayo Nº 6 Baixo CP 15800 MELIDE (A CORUÑA)

compras@informaticamelide.com Tfno .- 981507881

LOS MEJORES PRECIOS EN PRODUCTOS INFORMÁTICOS, TELEFONIA, GAMMING - OCIO DEPORTES - IMPRESORAS - TELEVISORES - REDES TERMINAL PUNTO VENTA - SOFTWARE - SERVIDORES -

SOPORTE TÉCNICO A EMPRESAS Y PARTICULARES - SALIDAS A DOMICILIO

REPARACIÓN TELEFONÍA MÓVIL IN SITU
CAMBIO PANTALLA, CONECTOR CARGA, BATERÍA....

DISTRIBUIDOR AUTORIZADO VODAFONE - DIGIMOBIL- ORANGE
TU FIBRA Y TELEFONÍA MÓVIL AL MEJOR PRECIO DEL MERCADO

MARVI
MERCERIA

- Variedad en mercería y lencería
- Las mejores marcas del mercado

elomi Freya

FANTASIE

Rúa do Convento, 16 - Melide Tfno.: 679 221 381

‘Santisomaxia’ é o proxecto do CEIP de Arcediago para o concurso de ANPAs

Dúas das imaxes enviadas para o I Concurso Audiovisual ‘ANPAs Galegas - Somos Rural’. / Foto: CEIP Arcediago

‘Santisomaxia’ é o proxecto que preparou toda a equipa do CEIP de Arcediago e o seu alumnado para o primeiro concurso audiovisual ‘ANPAs Galegas - Somos Rural’.

Esta nova iniciativa da Confederación de ANPAs Galegas tiña por obxectivo principal contribuir á visualización dos aspectos menos coñecidos do noso rural para procurar a súa posta en valor entre o alumnado participante e o resto da poboación galega. Para formar parte deste concurso era preciso que as comunidades educativas presentasen en tempo e forma: un vídeo de entre 1 e 3 minutos de duración, diversas fotografías da temática relacionada, un cartel promocional e unha memoria explicativa de cada proxecto.

Estes traballos xiran sobre diversos aspectos do patrimonio material ou inmaterial do rural galego que cada grupo quixo valorar, preservar e difundir. Dende a Confederación de ANPAs galegas manifestan a súa intención de “poñer na palestra o que temos que ofrecer e compartir, así como aquilo que cómpre redescubrir e poñer en coñecemento da cidadanía galega. Trátase de poñer en valor o noso patrimonio”.

Por outra banda, dende a ANPA do CEIP de Arcediago que, nesta ocasión, foi o propio centro educativo o que se fixo cargo desta actividade para realizala no horario lectivo e que todo o alumnado puidera participar, implicáronse os nenos e nenas de 3º, 4º, 5º e 6º. Ademais, dende a Asociación de Nais e Pais poñen de manifesto que esta “é unha actividade que representa a nosa filosofía: en permanente diálogo co profesorado porque entendemos que somos un equipo, o noso inmenso orgullo por ser unha escola rural e a reivindicación que sempre facemos do noso territorio e a nosa comunidade”, e fan fincapé no seu desexo de que as nenas e nenos da escola coñezan e aloumiñen Santiso, o seu patrimonio cultural, histórico e paisaxístico.

O Centro Educativo de Santiso quixo poñer en valor a través deste proxecto O Carreiro da Ponte, un entorno natural próximo á propia escola. Así como transmitirlles ás crianzas a historia e patrimonio do concello como pode ser: as minas de ouro de Beseña, lenda do Castro de San Román, a cicloxénese explosiva “Ortensia”, o apelido Carril, cogomelo endémico “Entoloma Santisense”, a Banda de Visantoña, o Pazo de Liñares ou verbas propias da contorna para denominar os terreos.

2 GAFAS MÁS
POR 1€ MÁS*
Y LA TERCERA PARA TI,
¡O PARA REGALAR!

Tchin Tchin
DE AFFLELOU
ÓPTICO

C/ RONDA DE CORUÑA, 16
MELIDE (E-15-0012058)
981 506 097

*Promoción válida del 5/06/2023 al 31/08/2023 en todas las ópticas de ALAIN AFFLELOU de España y Andorra. Ver condiciones en óptica o en afflelou.es.

Unha programación de verán chea de actividades para as crianzas sobradesas

O cartel das actividades de verán en Sobrado. / Foto: Concello de Sobrado

O Concello de Sobrado organiza unha programación de verán chea de actividades para as crianzas do municipio.

Durante os meses de xullo e agosto os rapaces e rapazas de Sobrado poden desfrutar de grandes iniciativas como rutas en kayak por un dos grandes entornos naturais galegos, as Fragas do Eume, un plan na 'Aventura Mundocio', unha andaina de seis quilómetros por un tramo do Camiño de Santiago ou a Festa da Auga. A diversión está asegurada para a poboación infantil e xuvenil do concello con estas actividades, algunhas gratuítas e outras cun custe máximo de dez euros por persoa. Por outra banda, hai iniciativas que teñen prazas limitadas polo que para participar deben anotarse terán que pasar pola Administración municipal.

Esta semana celébrase na vila de Sobrado un obradoiro de cinema

Membros do equipo técnico dunha rodaxe de cine. / Foto: istock

Esta semana, ata o domingo, celébrase no concello de Sobrado un obradoiro de cinema no que se gravará a rodaxe dunha curtometraxe.

Este taller de cine está organizado pola produtora audiovisual e teatral, Abanico Vision Media, e a Asociación Sociocultural e Audiovisual, 7 Arte.

Ao longo destas xornadas pasarán polo obradoiro para charlar e traballar co alumnado a actriz madrileña Alejandra Grepi e o xornalista José Aguilar. Uns días para aprender e desfrutar do audiovisual.

Os recunchos da comarca da Terra de Melide para gozar do verán

Varias persoas desfrutando este verán da Área Recreativa da Cornella. / Foto: Concello de Santiso

As fervenzas de Brañas en Toques. / Foto de arquivo

A comarca da Terra de Melide conta con diversos recunchos para que tanto a veciñanza como os turistas e visitantes gocen do verán na nosa contorna.

Pódense citar moitos espazos naturais nos que desfrutar destes meses de calor e coñecer mellor os concellos de Santiso, Toques, Melide e Sobrado.

Se nos centramos no municipio de Santiso podemos facer dúas paradas: unha, na Área Recreativa da Cornella. Un espazo ao aire libre onde atopamos unha ampla pista para que as crianzas xoguen e practiquen diferentes deportes, área para autocaravanas, zona de herba para tomar o sol ou comer nunha das mesas de pedra, bar e o río da Cornella. A segunda das paradas neste concello é a Piscina de Visantoña, unhas instalacións que contan cun parque infantil, zonas verdes, vestiarios, bar e por suposto, a piscina.

No caso de Toques destacan: a súa piscina municipal, a diferenza das de Visantoña nestas instalacións só son gratuítas para a veciñanza toquense. Estas instalacións contan con vestiario, piscina, parque infantil e bar; e as Fervenzas de Brañas, un espectáculo natural que cada ano visitan decenas de turistas para admirar o entorno natural, a paisaxe e realizar a ruta de sendeirismo de 6,5 quilómetros que percorre parte desta zona do concello de Toques.



O espazo da piscina municipal exterior de Sobrado. / Foto: Concello de Sobrado

Decenas de persoas gozando da Área Recreativa de Furelos e das súas piscinas. / Foto de arquivo

En Sobrado temos varias propostas para gozar destes días de sol: por un lado, a vila conta cunha piscina exterior na que a veciñanza pode desfrutar de xeito gratuíto e os visitantes pagando unha pequena cantidade. Estas instalacións contan con zonas verdes e vestiarios para o uso de todos os usuarios e usuarias. Por outro lado, en Sobrado é parada obrigatoria a Lagoa, un dos humidais máis importante e interesante de Galicia polo súa riqueza na fauna e flora (esta zona natural está protexida pola Rede Natura 2000). Conta cunha forma case regular que conta cunha superficie de 10 hectáreas cunha profundidade media de 1,5 a 4,5 metros. Un espazo único da nosa comarca que merece a pena visitar.

Para rematar, no municipio melidá toca parar na Área Recreativa de Furelos, un espazo natural con amplas zonas verdes (e varias meses e bancos de pedra e de madeira para poder comer), vestiarios, dúas piscinas, bar, parque infantil, aparcadoiro e o Río Furelos (no que non está recomendado o baño por calidade insuficiente da auga).

A comarca da Terra de Melide é unha zona con moitos recunchos e lugares interesantes que visitar, tanto para os turistas como a veciñanza, neste artigo citáronse só algúns, xa que as posibilidades que ofrecen os concellos da contorna son infinitos.

‘Ximnasio Léxico’, a nova aplicación para mellorar o galego mentres te divirtes

Imaxe de promoción da aplicación ‘Ximnasio Léxico’ da RAG e a Fundación Barrié. / Foto: Real Academia Galega

A Real Academia Galega e a Fundación Barrié crean unha nova ferramenta dixital para aprender e afianzar o léxico da lingua galega chamada ‘Ximnasio Léxico’.

Esta aplicación de xogos baseada no Direccionario da RAG xa pode descargarse para dispositivos Android e iOS. A creación desta nova ferramenta ten diversos obxectivos, entre eles, reforzar o vocabulario normativo e contribuír á divulgación da lingua galega, así como darlles máis seguridade e naturalidade na expresión a todos os e as falantes.

“Con esta iniciativa a RAG continúa avanzando na estratexia de incorporar a lingua ás tecnoloxías da comunicación e faino ademais aproveitando os aspectos lúdicos e didácticos, pensando principalmente nas novas xeracións, se ben o Ximnasio Léxico é unha aplicación atractiva para persoas de todas as idades”, fixo fincapé o presidente da Real Academia Galega, Víctor Freixanes. A maiores, o presidente comenta que este non é o primeiro proxecto “que desenvolvemos nesta liña, pero si que é probablemente o máis ambicioso, e esperamos darlle continuidade contra finais deste ano cunha olimpíada da lingua galega”.

Dominar un idioma non só significa coñecer un repertorio léxico senón tamén ser quen de empregar as palabras con naturalidade e espontaneidade. O ‘Ximnasio Léxico’ permite adestrar o manexo óptimo do vocabulario xogando de distintas maneiras, en resumo, aprender e divertirse.

As persoas xogadoras poden elixir: por unha banda, simplemente adestrar (o que permite escoller o tipo de xogo que máis interese en cada momento); ou pola outra banda, competir. A opción do adestramento facilítalles aos usuarios e usuarias afacerse á mecánica dos xogos antes de dar o salto á competición, estruturada en tres niveis: inicial, medio e superior. Para avanzar dun nivel a outro é preciso sumar un determinado número de puntos en cada un dos seis xogos existentes. Cada nivel que as persoas xogadoras avancen tamén o fará a dificultade dos xogos.

Os seis xogos do ‘Ximnasio Léxico’ serán: os tres primeiros reciben o nome de *Bule*, *Rube* e *Une*, neste caso constitúense a partir das voces recollidas no diccionario en liña da RAG. *Bule*, ofrece a definición dunha palabra e tantos recadros como letras ten para ir completándoa, *Rube* consiste en adiviñar a palabra agochada, da que ofrece o número de letras, e *Une* funciona emparellando a palabra da columna esquerda co seu sinónimo, disposto á dereita.

Os outros tres, as *Vitaminas*, emerxen cando a persoa xogadora acada un determinado número de puntos en cada nivel. Na primeira débese atopar, agochada entre outras letras, a palabra que completa o título dunha obra das letras galegas. A segunda esixe completar uns versos ou un dito popular coa voz que falta e a terceira propón acertar, entre un grupo de lemas, cal é o vocábulo que non pertence a un determinado grupo semántico.

Os vellos que estorban

Teño ben cerca un neno de seis anos que leva unha temporada obsesionado con preguntar quen é maior de entre os avós, tíos, veciños e adultos en xeral que están no seu radio de acción. Compara xente de idades similares, e pregunta quen é maior. As primeiras veces respondinlle preguntándolle se se refería á altura ou á idade, aínda que sabía eu ben que se refería aos anos. O que non sabía é que cos seus escasos seis tiña xa adquirido o medo ás palabras, e asimilada a connotación negativa da palabra “vello”, que intelixentemente foi substitíndo por “maior”.

Cando lle respondo que eu quero ser vella, que canto máis vella máis sabes porque máis tes vivido, explótalle a cabeza. Precisarei moitos máis días de responderlle preguntas para que empece a desprenderse do desprezo innato co que parece que nacemos de cara á xente que xa non é nova. Inventamos eufemismos, como maiores, avós (aínda que non sexan pais de ninguén), anciáns, etc...para evitar dicir que son “vellos”, porque a mesma palabra foise cargando de desprezo e é a orixe de toda unha “vellofobia” que nace na maneira de chamar e acaba no desprezo dende as institucións, as xeracións máis novas e a inmensa maioría da sociedade.

Ninguén cuestiona que un bebé, que non sabe andar nin come só debe ser atendido constantemente. Constante e agarimosamente. Pero case ninguén ten asumido que eso mesmo o necesitan os vellos e as vellas que xa deron a volta toda á roda da vida e están de novo no punto de orixe das necesidades, os coidados e as atencións. E tamén do mimo. Porque o corazón ten o caprichoso costume de precisar aloumiños cando máis vulnerables somos, ao empezar a andar e ao deixar de facelo, cando se precisa unha man allea para poñerse sobre os propios pés.
Esquecémolo porque, egoistamente, dos nenos agardamos que en algo nos sirvan cando medren, aínda que só sexa proxectar neles os nosos soños. En cambio dos vellos xa non podemos agardar nada, e a memoria olvida axiña que foron eles os que nos deron de comer, nos ensinaron o mundo e nos acompañaron no medrar.

Os vellos son os que construíron o mundo no que vivimos, e agora que teñen problemas nunha consulta médica para sacar a vez diante dunha máquina infernal, hai pouca xente que levante o cu do seu asento para botarlles unha man, e axudarlles na pelexa contra as modernidades que lles son son completamente alleas. Hai poucos funcionarios públicos (habelos hailos) que modulen o seu ton de voz como debe modularse para que un vello, ao outro lado da *ventanilla* entenda onde debe asinar, ou leve aprendido cales son os papeis que ten que traer. Moi poucos profesionais que lles expliquen, repetíndoo con distintas palabras, as veces que faga falta, e apeándose do seu argot técnico algo completamente novo para eles. Será porque nos parece que os vellos son o que sobra da sociedade, a vida que xa pasou, esquecendo que para que florezan as árbores e dean froitos cómpren unhas boas raíces.

A flor é efémera, o verán pasa axiña, son as raíces as que amarran a árbore e crean o bosque; e á volta da vida seremos os vellos que agradeceremos que un mozo novo nos explique con paciencia como funciona o aparello que hoxe aínda non se inventou.

Vanesa de Quinzán

Rematou unha temporada ilusionante do Cire de Melide

Os CADETES xogaron a final polo ascenso á Liga Galega

Hai moitas cousas que destacar desta temporada 22/23 que vén de rematar para o CIRE Melide. Por empezar polo final, os Cadetes do CIRE foron os últimos en rematar competición oficial, logo de xogar a Final polo ascenso á Liga Galega diante do Cidade de Ribeira, digno gañador da Liga regular e tamén desa eliminatoria que os levou ao ascenso. En todo caso, temporada para enmarcar dos de Quintela, semifinalistas tamén da Copa do Sar.

O equipo de cadetes desta temporada 22/23, grupo que xogou o ascenso á Liga Galega. / Foto: Cire

Foi esta unha temporada na que desde a Directiva se destaca, "sobre todo, o moito que se nota como se está poñendo en valor o nome do CIRE, algo que nos agrada, por suposto". O traballo que se vén facendo desde as categorías de base está dando os seus froitos e xa son varios xogadores os que forman parte do primeiro equipo, incorporándose esta vindeira temporada 2023/2024 algúns xuvenís máis. Por detrás, cadetes e infantís tamén veñen "pegando forte" con rapaces de moita calidade futbolística. E nas categorías máis pequenas impera, por suposto, a aprendizaxe e compañeirismo por riba de todo.

Destacan desde a Directiva do club que "o gran traballo que se fixo desde a coordinación e os diferentes adestradores durante non so este ano, senón xa desde algúns anos atrás, comeza a dar froitos ben claros" e tamén que "os rapaces queren xogar con nós, queren baixar ao Municipal ver partidos doutras categorías, e iso sempre sempre SUMA".

Esta temporada que vén de rematar tamén é a última do ciclo de catro anos desta Directiva. O proceso electoral non foi tal porque haberá continuidade por parte dos que xa estaban, dado que non houbo candidaturas alternativas. "Con erros, con acertos, pero con moitas gañas de traballar e facelo un pouquiño mellor cada ano, aí seguimos, tentando levar o nome de Melide con orgullo", comenta un directivo.

Este tamén foi o ano da posta en marcha da Cantina, da desexada e necesaria substitución do céspede do Municipal, e dalgunha outra mellora que desde o Concello se fixo nos accesos a vestiarios ou nas *taquillas*.

Volvendo ao meramente deportivo, cabe destacar tamén o excelente papel que fixo o infantil, na súa primeira temporada en Primeira Autonómica, acadando un excelente sexto posto e flirteando coa fase de ascenso nalgún momento do curso. Os xuvenís, paso previo a formar parte do primeiro equipo do club, tiveron unha temporada irregular, condicionados, sen dúbida, pola pouca continuidade que puideron ter nos adestramentos semanais e as lesións. Aínda así, remataron en metade da táboa sen problema no seu paso por segundo ano pola Primeira Autonómica.

Sete categorías representaron ao club nas diferentes ligas: prebenxamíns, benxamíns, alevíns, infantís, cadetes, xuvenís e seniors. A categoría dos máis pequenos, os prebenxamíns, retomouse esta temporada e a resposta das familias e os/as rapaces/as, espectacular.

Non existe obsesión polo ascenso do primeiro equipo, pero non podemos negar que as frases tipo "o pobo debera ter un equipo máis arriba" ou "parece mentira que non deamos saído da segunda" están na rúa e escoitámolas tod@s. Prestando moita atención a todas as categorías de base, "todos os anos intentamos formar un grupo no primeiro equipo que poida competir con garantías" como ben recoñecen desde a Directiva. Neste senso, para esta vindeira temporada "estamos conseguindo ilusionar á xente, con xente nova xa asentada, outros novos que empuxan forte e algún xogador experimentado que aceptou a nosa proposta encantado de poder axudar". Ademais, houbo renovación total do Corpo técnico, e serán Luigi, Fran e Cachi os que levarán as rendas dese equipo senior que promete ILUSIÓN, TRABALLO e COMPROMISO.

Para o final quedan os agradecementos, tamén xustos e necesarios. "O noso club subsiste porque hai moitas partes implicadas nisto: institucións, patrocinadores, colaboradores, socios/as e familias" ademais de, por suposto, xogadoras/es e adestradores", comentan desde o club. Estenden as grazas, por tanto, ao Concello de Melide, Deputación de A Coruña e Xunta de Galicia polo apoio recibido. E piden a máxima implicación de todos e todas para facer posible un CIRE mellor cada ano... En nada, empezamos de novo.

Patrocinadores: Softee by Jim Sports, A Garnacha Pulpería, Yethi Carburantes, Anic Difusión comunicación gráfica, Chiquitín, Roval Joyería JR, Cafeteria Solaina, Terra de Melide Queixos

Colaboradores: Concello de Melide, Deputación da Coruña, Deporte Galego

COÍMBRA, O NOVO LIBRO DE XOSÉ DE CEA

"*Coímbra* foi unha obra para min reveladora, terapéutica, axudoume a verbalizar unha realidade interior coa que nunca me enfrontara"

A túa nova publicación leva o nome dunha rúa do barrio de Horta en Barcelona, Coímbra. Por que este título?

- Xosé de Cea: Coímbra é a rúa de Barcelona na que me criei dos cinco até os case catorce anos de idade, xusto esa etapa prodixiosa de toda vida na que transitamos da infancia á adolescencia. Parecíame importante subliñar o espazo xeográfico porque, da mesma maneira que a mocidade, trátase dun lugar que xa non existe, dunha localización que apenas sobrevive na memoria coa fraxilidade das derradeiras folerpas de neve nun día de sol.

- Neste libro defíneste como xarnego, que significado ten esta verba socialmente?

- X.C: Os xarnegos e as xarnegas foron a man de obra barata de toda España que lle deu músculo á industria catalá, sobre todo no segundo terzo do século XX. Miles de familias orixinarias de toda a xeografía peninsular que viñan da fame e da miseria da posguerra para mellorar as súas condicións de vida pero, sobre todo, para darlles unha base material sólida aos seus fillos e fillas, de maneira que non pasasen as penurias que eles e elas tiveron que pasar. Non deixa de ser un termo despectivo e clasista que, para min, herdeiro directo desa diáspora, é motivo dun fondo orgullo.

- Que te motivou a escribir parte das túas lembranzas en Coímbra?

- X.C: Abordar a miña infancia e a miña adolescencia a través da escrita é unha teima que teño dende que decidín dedicarme á literatura, a comezos dos anos noventa. Sen chegar a ser algo obsesivo, si que foi unha pulsión latente ao longo dos anos que tentei expresar a través de poemas soltos e relatos de ficción que nunca cheguei a publicar. Hai un par de anos, dei coa chave para escribila: renunciar á ficción e enfrontarme aos feitos esenciais daquela etapa da miña vida dende a verdade descarnada, sen enfeites nin disimulos. Dende ese punto de vista, Coímbra foi unha obra para min reveladora, terapéutica, que me axudou a verbalizar unha realidade interior coa que nunca me enfrontara.

Xosé de Cea na presentación do seu novo libro, *Coímbra*, nunha das salas do museo melidá. / Foto: Turismo Melide

- Resultouche complexo recuperar todas estas lembranzas?

- X.C: O certo é que non, porque todo estaba aí. O que lembro, aflorou; o que non, probablemente ficará esquecido para sempre. Sen unha vontade de recuperación exhaustiva, sen un norte preconcibido, comecei apañando recordos ao redor de determinados temas, deixando que se tocasen e relacionasen entre si, favorecendo que saltase nese contacto ceibe a faísca da creatividade e da poesía, da reflexión e do trauma. Dende ese punto de vista, foi unha escrita fluída cuxo primeiro borrador apenas levou un par de meses.

- É Coímbra unha homenaxe a todas esas persoas que nas décadas do 60/70 tiveron que marchar das súas vilas e aldeas para seguir traballando arreo na procura dunha vida mellor?

- X.C: Non. Coímbra é un saldar contas co pasado, a tentativa de confiscarlle as cadeas ás miñas pantasmas. Por iso non puiden escribir unha obra de ficción. Aquí hai un só personaxe principal, que son eu, e os demais aparecen como desenfocados ou, directamente, fóra de plano. Ao redor dese egocentrismo intencionado, a obra ten múltiples lecturas e podes interpretar algúns capítulos como unha homenaxe á emigración, pero non foi algo intencionado. En calquera caso, creo que á emigración non é necesario homenaxeala; só con narrar feitos espidos, homenaxéase por si mesma, xa que a odisea que viviu calquera daquelas familias que deron vida á diáspora, incluída a miña, foi pura épica.

- Mudou moito esa sociedade que ti recordas da túa infancia e adolescencia con respecto ao presente?

- X.C: A sociedade mudou dun xeito copernicano nas últimas décadas e, nesa transición revolucionaria, a xeración X á que pertenzo foi o eixe no que todo virou. Meu pai e miña mai criáronse nunha Galiza ancorada no século XIX. Para eles, emigrar a unha cidade como Barcelona dende unha parroquia como Vilareda, en Palas de Rei, supuxo unha metamorfose brutal. En canto á miña xeración, fomos puro tránsito. Nacemos nunha ditadura e criámonos nunha monarquía parlamentaria disfrazada de democracia. Nós fomos os primeiros españois da historia en ter de neneira a pantalla dun televisor; en desertar da terra e acceder a unha educación superior a escala masiva; en contactar cos videoxogos, coa informática e coa pornografía: fomos, en definitiva, as cobaias da globalización.

- Na túa traxectoria contas con varios premios literarios. Suma isto presión á hora de escribir a túa seguinte obra?

- X.C: Nunca. É a escrita a que me domina a min e non eu á escrita. Resúltame moi difícil, cando non imposible, escribir sobre algo que non me vén de dentro. Dende ese punto de vista, a miña escrita é independente e non se deixa influír por concursos, premios, xéneros de moda ou outros estímulos externos. En canto aos certames literarios, cando me presento a un fágoo sabendo que é moi difícil acadalos e, por esa razón, tampouco me obsesiono con gañalos. Cando cae algún é benvido, por suposto, porque supoñen unha boa promoción para o teu libro e ábrenche as portas das editoriais á hora de publicar, que é francamente difícil se non tes unha reputación previa ou non vés cun galardón debaixo do brazo. Pero non escribo porque aspire a gañar concursos.

Martín Ferreiro, Distribucións e Viñoteca Ribeirao

“Somos moi afortunados porque en Galicia existe unha gran riqueza varietal, climática e do solo ”

- Que produtos pode atopar a clientela na vosa viñoteca?

- Martín Ferreiro: Principalmente viños de diferentes lugares do mundo e diversas denominacións de orixe, algunha conserva, destilados e aceites.

- O número de persoas apaixonadas do mundo do viño non deixa de medrar, por que sucede isto?

- M.F: Penso que é unha labor cultural, de formación e inquietude e, por suposto, de conseguir chegar a xente nova. Moito traballo tamén de divulgación que funciona dunha maneira exponencial de forma que, no meu caso que me fixen un apaixonado, pois intento divulgar esa labor cun montón de cariño, consegues a un par de adeptos máis que se emocionan con isto e se dan conta de que é un produto que engancha, polo que cando te das conta do importante, serio, marabilloso e divertido que é pois é algo que non o abandonas. Ademais, estamos nun país produtor no que hai moitísima riqueza, onde é un patrimonio cultural e económico que temos que defender.

- Como acabas de comentar, o viño forma parte da nosa cultura pero parece que mudou o concepto.

- M.F: A min paréceme ben que cambiara, non podemos consumir o viño como unha bebida alcohólica non gasosa para acompañar unha comida, conversación ou simplemente emborracharse, todo isto está ben sempre que se desfrute pero a maiores é interesante, na medida na que se poida, dedicarlle un segundo para escoitar o viño, atendelo e darte conta de que o que estás bebendo sabe, ule e ten unha textura en concreto porque é dunha zona determinada, isto pasa con poucos produtos. Se bebes algo doutra zona, outro país, outro chan e outras uvas vai saber dunha forma distinta. Unha vez que sabes apreciar todo isto é cando realmente te enganchas ao mundo do viño porque é como cando ves o fútbol, se simplemente miras para a tele e non tes ningún tipo de coñecemento sobre ese deporte ao final acabaraste aburrindo pero cando ti empezas a entender o que está pasando aí é cando ti te empezas a enganchar e co tema dos viños pasa igual.

Martín Ferreiro, un dos responsables de Viñoteca e Distribucións Ribeirao na tenda en Melide. / Foto: Martín Ferreiro

- A calidade dos viños galegos é indiscutible e cada vez máis recoñecida dentro e fóra das nosas fronteiras.

- M.F: En base a iso teño un pensamento moi claro, somos moi afortunados porque en Galicia existe unha riqueza tanto varietal, con isto refírome a diferentes tipos de uvas, como climáticas e de chan que son fantásticas e que dende fai, relativamente pouco tempo, coincidiron no tempo e no espazo cuns elaboradores que souberon entendelo e poñelo en valor, respectalo, así como dignificalo de xeito que esa expresión do concepto interacción entre solo, clima e variedade pois seguise despois demostrado na botella. Eu cato moitas veces a cegas e case sempre pasa o mesmo, probas e dis pois este pode ser un viño do Piamonte en Italia ou doutra zona en Francia ou Galicia porque só en Galicia hai tanta riqueza, tantos perfís diferentes de viño, e claro a xente cando vai a catas dáse de conta que aquí hai un montón de viños de moita complexidade, pracer e calidade nesta pequena zona e todos eles con moito que dicir. Temos un gran potencial nese aspecto, non coñezo aínda outra zona do mundo que teña unhas características similares, así é que moitos produtores doutras zonas vexan Galicia como un oasis a nivel varietal.

- Na vosa páxina web atopamos un apartado de “Experiencia Ribeirao”, en que consiste?

- M.F: A “Experiencia Ribeirao” consiste en diferentes cousas pero é unha forma de pedirlle á xente que deposite a súa confianza en nós para que poidamos aconsellalos, dende a nosa honestidade, á hora de seleccionar os viños ou contactar con eles, como pode ser cunha cata guiada, a clientela pode vir e pedirnos que lle deamos a probar algo que demostre unhas determinadas características, ou unha selección de viños a nivel web e que en vez de que sexa o consumidor a persoa que decida que viños escoller que deposite esa confianza en nós, dicíndonos previamente unhas preferencias ou estilos que busca pois a partir de aí nós elaboramos unha especie de proposta moi personalizada en base a esa información previa que a clientela nos facilita. Cremos que o que hai detrás de cada botella ás veces é moito máis simple que unha relación calidade - prezo ou unha denominación de orixe - uva ou así; con esta experiencia trátase de explicala e poñelo en valor.

- A clientela soe deixarse aconsellar?

- M. F: Si, a maioría si. É certo que máis os que se achegan á tenda que a clientela da web. Unha vez que chegan ao noso establecemento ven todos os produtos que temos alí, nós soemos ter algunha botella aberta para que a xente que teña interese e queira poida degustalo, nós explicámoslle o que está bebendo e decontado cautivamos o seu interese para nós recomendarlle algo. Isto paréceme moi interesante porque hai unha especie de presión na sociedade de ter que coñecer e controlar de viños, de chegar a un restaurante e ter que pedir unha marca en concreto porque é a que coñeces e non se trata diso, eu se vou ao taller co coche non teño nin idea de mecánica e non lle digo ao mecánico o que debe facer, sempre que haxa un especialista nun tema debemos delegar neles e confiar no seu criterio e cada vez pasa máis isto. Nós intentamos non fallar e ser profesionais honestos polo que sempre imos recomendar un produto porque coñecemos o que hai detrás del.

- Cales son as vosas previsións para este verán?

- M.F: É algo difícil de saber, as previsións son complicadas. Somos un negocio maiormente estacional, temos os nosos picos en verán e no Nadal, pero non sabemos de primeiras como vai ser o verán. Nós tamén contamos coa axuda do peregrino, o ano pasado foi bo e no que levamos de temporada seguen aparecendo peregrinos e conto con que veña un bo verán pero non fago estudos de mercado, non fago predicións a ese nivel e tampouco con moitos anos de experiencia como para predicir se vai ser ou non un bo ano, estou aprendendo diso e teño moita ilusión.

Viñoteca Ribeirao
Rúa do Convento, 12
15800, Melide
Tlf: 981 50 71 88

Instituto de la Sordera

CAMPAÑA DE DETECCIÓN PRECOZ DE LA PÉRDIDA AUDITIVA

2023

NUESTRA MISIÓN EMPRESARIAL ES HACER SU VIDA MÁS SENCILLA CON UNA SOLUCIÓN BRILLANTE



Se colocan totalmente dentro del oído, prácticamente invisible.

No solo es un excelente audífono, es una verdadera solución multifuncional.

- **Sonido claro y variado.**
- **Conexión a teléfonos inteligentes, TV y más**
- **Tecnología recargable** (olvídese de las pilas), se cargan rápidamente y ofrecen un día completo de audición.
- **Se activan automáticamente** al retirarse del cargador y se desactivan cuando se vuelven a colocar.

PRUÉBELOS ¡UN MES GRATIS! EN CASA

Y PÁGUELOS CÓMODAMENTE EN PLAZOS DE 3, 6, 12 Ó 36 MESES

Solicite **UNA CITA** en nuestro Centro Auditivo para realizarle un completo examen auditivo, **sin coste para usted**

Estudio Auditivo Gratuito

E-15-001359

INSTITUTO DE LA SORDERA S.L.
Ronda da Coruña, 34
15800 Melide - A Coruña
Tel.: 981 50 72 87
648 75 47 61

Pedir hora